



ASOCIACIÓN PASENIÑO



Paseniño

MEMORIA AÑO 2023



¿QUEN SOMOS?

A **Asociación Paseniño** nace no **ano 2020** da loita diaria das familias de nenas e nenos con necesidades especiais da Costa da Morte. Crece coa unión, as ganas e o desexo dun mundo mellor para todos aqueles que o precisen. Busca a xustiza, a inclusión e a defensa da poboación máis vulnerable.



OS NOSOS FINS

- **DEFENDER** os dereitos e mellorar a calidade de vida das persoas con necesidades especiais dende os primeiros anos de vida.
- **FACILITAR** a integración das persoas con necesidades especiais e a súa capacitación para un pleno desenvolvemento.
- **INFORMAR** e colaborar coas familias creando unha rede de apoio.
- **PROMOVER** o recoñecemento da diversidade funcional e os dereitos fundamentais das persoas.
- **CONCIENCIAR** as Administracións Públicas para acadar melloras en educación, sanidade e integración.
- **PROCURAR** a autonomía e libre determinación de cada persoa en contextos de diversidade cultural.


A ASOCIACIÓN PASENIÑO

A Asociación de familias de nenos/as con necesidades especiais “Paseniño” é unha **entidade comarcal** que ten como obxectivo ofrecer ós nenos e nenas da zona uns **recursos específicos e de calidade, para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias**. Enmárcase nun **territorio predominantemente rural**, onde o acceso a terapias e actividades tanto específicas como inclusivas está **moi limitado**, tanto pola **escasa dispoñibilidade de centros** específicos como pola **dispersión** e o **nivel económico e social** da maioría das familias.



A Asociación Paseniño presta, actualmente, servizos a un total de **42 familias de nenos e nenas** con necesidades educativas especiais, coas que mantemos un contacto continuado para valorar as súas necesidades, demandas e preocupacións e poñer en marcha servizos acordes a elas.

Actualmente contamos con un total de **200 socios e socias**, que apoian e facilitan que poidamos levar a cabo os distintos proxectos e accións que temos en marcha.



XUNTA DIRECTIVA

A **Xunta Directiva da Asociación Paseniño** está composta por:

PRESIDENTA: Alejandra Caamaño Pose

VICEPRESIDENTA: Anabel Piñeiro Freire

SECRETARIA: Úrsula Gómez Díaz

TESOUREIRA: M^a Consuelo Quintáns Trillo

VOCAL 1: M^a Yolanda Conde González

VOCAL 2: Gema López Valdomar

COMO NOS FINANCIAMOS?

Para levar a cabo as distintas actividades, Paseniño conta coas seguintes fontes de ingresos:



COTAS DE SOCIOS

Calquera persoa pode facerse socia da nosa entidade e colaborar co traballo que estamos facendo.



VENDA DE PRODUCTOS

A venda de produtos é unha das nosas fontes principais de ingresos.



SUBVENCIONES

Solicitamos subvencións públicas para poder acadar os nosos obxectivos e complementar así os fondos propios, que non son suficientes para abaracar todas as necesidades do noso colectivo.



APORTACIONES PRIVADAS, DONATIVOS

As persoas que o desexan poden facer aportacións privadas e donativos de distinto tipo (material ou económico).



COLABORACIÓN CON EMPRESAS

Distintas empresas do entorno colaboran na consecución dos nosos obxectivos, por medio de donativos, produtos para venda, mercadillos solidarios...

QUE FACEMOS



As actividades que estamos levando a cabo para acadar os nosos fins son:

DEFENSA E REIVINDICACIÓN DE DEREITOS

Escoitando as demandas e reclamacións das familias e por medio de queixas, escritos, reunións... poñémonos en contacto coas persoas responsables para que os nenos e nenas con necesidades teñan garantidos os seus dereitos

ASESORAMENTO E REDE DE APOIO A FAMILIAS

Ó longo do ciclo vital as familias vanse atopando con distintas dificultades e necesidades (tanto a nivel xestións como emocionais). Dende Paseño procuramos dar resposta, asesorar e apoiar compartindo experiencias e recursos.

FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Ó longo destes anos puxemos en marcha e participamos en xornadas de formación, charlas, cursos... para poder dar a coñecer o noso colectivo.

ACTIVIDADES INCLUSIVAS

Queremos que os nosos nenos e nenas participen na sociedade de xeito inclusivo. Para iso ó longo destes anos realizamos talleres en Nadal, campamentos inclusivos, cine...

ACTIVIDADES TERAPÉUTICAS

Os nosos nenos e nenas precisan dunha atención terapéutica que favoreza o máximo desenvolvemento das súas habilidades e capacidades. A Asociación colabora no pago destas terapias para aquelas familias que o precisan.

ASÍ FOI O 2023



Durante o ano 2023 puxemos en marcha un bo número de actividades, orientadas a mellorar a calidade de vida dos nosos nenos e nenas e as súas familias:

ACTIVIDADES INCLUSIVAS E TERAPÉUTICAS

Un ano máis, o obxectivo primordial da entidade xirou ó redor de ofrecer os nosos nenos e nenas **alternativas de ocio e deporte** inclusivas, na nosa comunidade, ó tempo que se permite ás familias un tempo de **respiro e** para favorecer a **conciliación** durante as vacacións escolares. Participaron un total de 30 nenos e nenas con diversidade e as actividades materializaronse do seguinte xeito:

Taller de verán

Neste taller de verán traballouse con **grupos reducidos** e con distintas actividades orientadas a todos os e as menores que quixesen asistir, contando con **profesionais especializadas** en divesidade que ofrecían os apoios necesarios en cada momento, facendo as **adaptacións necesarias** para que todos os e as participantes desfrutaran das mesmas. Participaron nenos e nenas con idades comprendidas entre **3 e 16 anos**.





Campamento inclusivo

O campamento inclusivo estivo tamén orientado a nenos e nenas de entre 3 e 16 anos, co obxectivo de ofrecer unha actividade de continuidade para todos os nenos/as e familias interesadas, principalmente aqueles que teñen diversidade funcional, xa que existen moi poucos recursos axeitados para eles.

Tivo moi boa acollida tanto entre os nenos e nenas, que desfrutaron de actividades adaptadas ós seus gustos, necesidades e características, como ás familias, que lles permitiu favorecer a conciliación, e ter un espazo onde os seus fillos e fillas desfrutaran do verán dunha forma diferente.

Cine inclusivo

No mes de decembro organizamos e financiamos unha xornada de cine inclusivo, con unha película apta para todos os públicos, na que puideron participar todos os nenos, nenas e familias que o desexaron.

Contouse coas seguintes adaptacións: luz do pasillo encendida, o volume será máis baixo do habitual. No exterior da sala teremos un taller onde poderán ser atendidos facendo distinto tipo de actividades, de forma que poidan entrar e saír cada vez que o precisen, podendo os outros irmáns, primos ou familiares quedar dentro mentres o neno ou nena sae fora. Tamén elaboramos pictogramas de apoio para aqueles nenos e nenas que os precisaron.



Taller de Nadal



O taller de Nadal foi un espazo para compartir, participaron tanto os pequenos/as como as súas familias. No taller elaboráronse pezas para decorar o árbol, chapas con motivos navideños...

Os nenos e nenas que quixeron trouxeron fotos para a decoración.

Foi unha xornada **moi entretida e satisfactoria** para os e as persoas participantes, onde puideron facer manualidades e levar o resultado do seu traballo para expoñer na súa casa.

Proxecto de terapias de rehabilitación

A finais de decembro puxemos en marcha un **proxecto de terapias de rehabilitación** orientadas á mellora da autonomía e inclusión social de nenos e nenas con necesidades educativas especiais, en colaboración cos gabinetes da zona.

Este no servizo tivo por obxectivo ofrecer ós nenos e nenas con necesidades especiais e ás súas familias terapias de rehabilitación orientadas á **mellora da súa autonomía e inclusión social**, tales como: terapia ocupacional, logopedia, psicoloxía infantil e familiar.

Tivo moi boa acollida, apuntándose un total de **32 nenos e nenas** con necesidades educativas especiais.



ASESORAMENTO E REDE DE APOIO A FAMILIAS

O servizo de asesoramento prestouse un ano máis por distintas canles: presencial na oficina, correo electrónico, teléfono, WhatsApp...

Co mesmo prestamos **apoio ás familias coas distintas necesidades que se foron atopando**, tanto a nivel xestións, como a nivel crianza ou xestión emocional da propia familia.

As familias que temos máis experiencia vital nestes temas proporcionamos respostas e damos apoio a estas familias **compartindo as nosas experiencia, coñecementos e recursos que fomos adquirindo ó longo dos anos**.

O asesoramento **tratou principalmente temas relacionados** cos apoios educativos a nivel escolar, becas para nenos con necesidades especiais, xestión de condutas difíciles, dúbidas relacionadas con xestións como dependencia, axuda de terceira persoa, transporte.

Pensamos que **este servizo é vital**, e así nolo transmiten as familias coas que traballamos, xa que moitas veces as familias (especialmente as novas) non saben a onde acudir para os distintos trámites, nin tampouco se atopan co respaldo e apoio que precisan nas dificultades do día a día.



FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Durante o 2023 seguimos participando e organizando xornadas de formación, charlas, cursos...

A directiva da Asociación participou en **numerosas charlas e cursos**, tanto presenciais como online, para coñecer mellor o colectivo co que traballamos, para tecer redes e contactos cos que poder mellorar os servizos que prestamos, coñecer as realidades de outras persoas e entidades que traballan co mesmo obxectivo que nós...

No ano 2023 organizamos e ou participamos nas seguintes **xornadas de formación e sensibilización**:



Xornada TEA (15 de abril de 2023)

A II Xornada formativa TEA, posta en marcha durante o ano pasado tivo de novo unha **moi boa acollida** por parte de familias e profesionais do sector, chegando a **completarse todas as prazas**, participando ó redor de **100 persoas**.

Desenvolveuse ó longo de todo o día. Comezamos con unha charla de Marcos Pinaque sobre cómo vivenciamos as condutas do Trastorno do Espectro do Autismo, para a continuación levar a cabo unha mesa redonda con distintas profesionais do sector onde falamos de TEA e inclusión.


Durante a tarde tiveron lugar unha serie de talleres e seminarios onde se trataron temas como o apoio condutual positivo, deseño e adaptación de materiais, apoio a familias, inclusión na aula ordinaria e ocio inclusivo. Foi unha **xornada moi enriquecedora**, que nos permitiu compartir coñecementos, recursos e tamén poñer en común necesidades e preocupacións.

Charla coloquio (7 de maio de 2023)

Participamos na charla “Plan educativo específico para o rural galego”, organizada pola Federación de ANPAs da Coruña-Costa da Morte, expoñendo a situación dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais no rural galego.

Publicación na Revista Galega de Educación (nº 85)

Participación con un artigo sobre as dificultades de acceso ós recursos no eido rural, expoñendo as necesidades e problemáticas das nosas familias, para concienciar sobre as mesmas á comunidade educativa.



As dificultades
de acceso aos
recursos no eido
rural

As dificultades de acceso aos recursos no eido rural

Revista Galega de Educación
Num. 85 (Abril 2023)
O TEMA
Páxinas 21 - 22
ISSN: 1132-8932

Asociación de nenos con necesidades especiais Paseniño
- asociacion.paseniño@gmail.com

RESUMO

Ver en: Castelán Inglés

Experiencias de familias con nenos TEA no eido rural dende 2011 a 2022. Os recursos no rural son insuficientes a pesar da pequena evolución positiva que nesta marxe de anos se produciu grazas a iniciativas privadas que apostan por nós. Reclamamos máis iniciativas e recursos públicos para a optimización da conciliación familiar e calidade de vida das nosas familias.

Concienciación e posta en marcha de mercados solidarios

Ó longo de todo o ano 2023 puxemos en marcha un bo número de mercados solidarios, onde por unha parte facíamos **difusión da nosa entidade** e as necesidades dos nosos nenos e nenas, e por outra **recaudamos fondos** para a nosa asociación, e para outras entidades e causas solidarias.



PROGRAMA DE VOLUNTARIADO



No ano 2023 puxemos en marcha o **programa de voluntariado**, contando coa participación de **10 voluntarios/as**, que nos apoiaron na realización dos distintos talleres e actividades que puxemos en marcha durante este ano. Neste ano gracias a este programa pudimos **dar apoio para que 3 nenos con necesidades especiais** participasen en actividades de ocio e deporte na comunidade, algo moi beneficioso, e que esperamos poder ampliar en anos vindeiros, solicitando para iso fondos a distintos organismos.

DEFENSA E REIVINDICACIÓN DE DEREITOS

Un dos obxectivos principais da nosa entidade é traballar **pola defensa e reivindicación dos dereitos** dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais e as súas familias, durante este ano seguimos apoiando e defendendo a nosa labor, por medio de distintos actos.



CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN

Levamos a cabo campañas de **sensibilización en datas sinaladas**: día do autismo, día da discapacidade... por medio das redes sociais e levando **accións conxuntamente** con outras asociacións do entorno e entidades locais.

Por medio das nosas redes sociais e a web da entidade **difundimos periodicamente información de interese** tanto para a sociedade en xeral, como para as familias que teñen nenos ou nenas con necesidades educativas especiais.



ACCIÓNES DE CONCIENCIACIÓN

Un ano máis reunímonos cos responsables dos colexios, ANPAs, e concellos da zona para dar a coñecer as nosas demandas e necesidades. Colaborando na posta en marcha de accións que favorezan a inclusión tanto social como educativa dos nosos nenos e nenas.





Paseniño

ASOC PASENIÑO

A ONDE QUEREMOS CHEGAR

Queremos chegar alí **onde os nosos nenos e nenas nos leven**, dando resposta a todas as súas necesidades:

- Seguir traballando na defensa dos seus dereitos, asesorando ás súas familias, formando e sensibilizando e realizando actividades inclusivas e terapéuticas.
- Aumentar o número de socios e socias
- Aumentar o número de nenos e nenas con necesidades que fan uso das actividades terapéuticas e inclusivas.
- Crear unha forte rede de apoio onde as familias poidan asesorarse e apoiarse entre si.
- Facilitar a participación dos e das menores nas actividades do entorno.
- Posta en marcha de actividades de ocio, deporte e participación social inclusivas.
- Formación a familias.
- ...



QUE NOS LIMITA?

O que realmente nos limita non son as limitacións dos nosos fillos e fillas, senón a falta de concienciación, apoio e como non os recursos tanto económicos como de persoal e materiais



ASOCIACIÓN PASENIÑO



Paseniño

**Asociación de familias de nenos e nenas con
necesidades especiais da costa da morte**

